Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas

**Título**
*La comunicación más allá de las palabras. Qué comunicamos cuando creemos que no comunicamos*
**Autora**
Marta Albadalejo
**Colección**
Desarrollo personal del profesorado, 10
**Editorial**
Graó
**Ano de edición**
2007
**Páxinas**
158




**Contido**
A habilidade para comunicar forma parte do oficio de educar. O traballo das persoas que se dedican á docencia ten que ver co uso axeitado dos recursos verbais e non verbais da comunicación. A linguaxe de sons e silencios, do corpo e do espazo é a grande esquecida na nosa cultura.
Este libro convida á reflexión sobre a comunicación non verbal e a súa utilización como recurso educativo. Inclúe consellos prácticos, exercicios para mellorar as propias habilidades e guías para a observación e a reflexión.
Hai coherencia entre o que queremos comunicar coas palabras e o que realmente comunicamos co corpo sen nos decatar? Como inflúen as mensaxes non verbais na nosa eficiencia como docentes?
Velaquí o tema do libro.

# Películas en galego con unidades didácticas

As unidades didácticas foron elaboradas polo Seminario Galego de Educación para a Paz.

As películas, dobradas ao galego, distribuíronse, xunto coas unidades didácticas, polos colexios e institutos públicos e privados. Con esta iniciativa, o seminario quere contribuír a que os centros de ensino promovan, conxuntamente, a educación para a convivencia e a cidadanía democráticas, a alfabetización audiovisual e a normalización lingüística.




**Título**
Para que non me esquezas
**Ano**
2004
**Nacionalidade**
Galicia
**Xénero**
drama
**Duración**
100 min.
**Título orixinal**
Para que no me olvides
**Dirección**
Patricia Ferreira
**Guión**
Patricia Ferreira e Virginia Yagüe
**Fotografía**
Marcelo Camorino

**Sinopse**
Irene vive con Mateo, o pai, e co seu fillo David. A convivencia transcorre en harmonía e feliz ata que se desata o conflito: David, un brillante estudante de arquitectura de 22 anos, vai vivir coa súa moza, unha caixeira de hipermercado. A pesar do seu talante liberal, Irene non entende que David teña unha relación cunha rapaza sen ambicións.

**Recomendada para centros de educación secundaria.**



**Título**
Pérez, o ratiño dos teus soños
**Ano**
2006
**Nacionalidade**
España - Arxentina
**Xénero**
comedia
**Duración**
92 min.
**Título orixinal**
Pérez, el ratoncito de tus sueños
**Dirección**
Juan Pablo Buscarini
**Guión**
Enrique Cortés
**Fotografía**
Miguel Abal

**Sinopse**
Lucía e a súa familia axudaranlle ao intrépido Ratiño Pérez a estragar os sinistros plans de Fugaz e Pipo, dous ratos malvados que desexan acabar con Pérez. Queren roubar os dentes de todos os nenos do mundo, convertelos en perlas para así facerse ricos.
Esta película combina imaxe real e animación.

**Recomendada para centros de educación infantil e primaria.**